

Xustificación

-O Pacto Local polo territorio Costeiro Sostible é un compromiso das institucións do territorio para crear un modelo de desenvolvemento sostible que priorice os principios manexados durante o proceso de redacción da EDLP Costa Sostible. En particular:

-Protección e valorización da paisaxe e do medio ambiente costeiro, atendendo aos seus valores naturais, culturais e sociais, coas súas implicacións nos espazos naturais, rurais, agrarios, e urbanos.

-Protección das actividades económicas, en particular do sector pesqueiro, que aproveitan os recursos locais de xeito sostible; tanto das actividades tradicionais como das que implican innovación e diversificación.

-Atención especial á igualdade de xénero e incorporación da muller ás actividades produtivas e ás estruturas de toma de decisións en igualdade.

-Atención especial a un modelo de crecemento inclusivo que teña en conta a todas as persoas e colectivos sociais, incluíndo ás persoas en situación de dependencia ou necesidades especiais nos aspectos físico, intelectual ou sensorial.

-Incorporación da Responsabilidade Social como un criterio de traballo nas institucións públicas e no tecido empresarial e asociativo do territorio.

-Mellora da gobernanza, con adopción de medidas para o bo goberno, incluíndo a mellora da participación social na toma de decisións.

-Unha vez finalizada a primeira fase deste procedemento cuxas conclusións están recollidas no documento Acordando retos, (<http://costasostible.com/zona-descargas/?lang=es>), o Galp decide comezar a divulgación deste principios na poboación moza a través do deseño dun programa educativo conforme aos principios deste pacto local.



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO MARÍTIMO
Y DE PESCA (FEMP)

Obxecto da proposta presentada :

Deseño dun programa educativo dirixido aos alumnos de segundo de E.S.O. a implantar en todos os centros do territorio Galp conforme aos principios do pacto local polo territorio costeiro sostible

O proxecto preséntase como unha iniciativa de divulgación científica destinada a un colectivo concreto como son os escolares dun determinado nivel de Educación Secundaria Obrigatoria a fin de facelos partícipes activos dun proceso social de actuación en contra dunha problemática actual e darlles as ferramentas coas que buscar posibles solucións globais, actuando de xeito local e territorial.

Atendendo aos seguintes obxectivos específicos

- Poñer de manifesto a problemática actual global en materia de medio ambiente.
- Valorar e debater como nos afecta a nivel local.
- Fomentar unha actitude e traballo en equipo para tratar de expoñer solucións.

Contido das propostas


1) Unha breve memoria técnica na que o licitante exporá a súa maneira de dar forma e concretar cada unha das partes do programa atendendo aos seguintes bloques, sendo imprescindible a inclusión dun cronograma para a execución dos bloques previstos :

1ª Bloque: Arranque do proxecto. Debería contemplar:

- Presentación pública oficial (acto, rolda de prensa, etc) coordinada co GALP.
- Rolda de presentación nos centros educativos destinatarios para:
 - presentación do proxecto ao profesorado,
 - toma de contacto co alumnado,
 - entrega de documentación.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR





- aceptación de participación por parte dos centros no proxecto de cara ao vindeiro curso escolar.

Ao final desta fase debería ser pechado o listado de centros educativos participantes de cara a continuar coa organización para a súa implementación no Bloque 2 e seguintes. A execución destes bloques quedará supeditada á aceptación da participación de polo menos o 50% dos centros de territorio.

2º Bloque: Execución das actuacións previstas.

Este bloque vaise desenvolver en tres fases que virán establecidas pola temática entorno á que xirará cada unha delas:

- * 1ª Fase: Ocupará o derradeiro trimestre do ano, dende outubro a decembro e a temática escollida será a de **MEDIO MARIÑO E COSTEIRO**.
- * 2ª Fase: Que se prolongará dende xaneiro a marzo de 2019 e a súa temática será o **MEDIO AMBIENTE E PAISAXE**.
- * 3ª Fase: Irá dende abril a xuño de 2019 e tratará entorno á **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E A INCLUSIÓN SOCIAL**.

TEMÁTICAS TRANSVERSAIS

Ademais dos eixos xerais que articulan as tres fases abordarase de xeito transversal o **crecemento económico** do territorio e o **turismo** como factor esencial para desencadear procesos de diversificación económica.

- En canto á programación deberá abordar contidos específicos de cada unha das fases e será validada pola entidade adxudicataria.
 - Fase de MEDIO MARIÑO E COSTEIRO.
 - Fase de MEDIO AMBIENTE E PAISAXE.
 - Fase de ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E A INCLUSIÓN SOCIAL.
- En canto á distribución espacial das sesións cos escolares: faranse nas instalacións dos propios centros educativos (nos espazos habilitados aos efectos) e naqueles



espazos ao aire libre que sexan próximos ou que polas súas características ofrezan ou supoñan unha avantaxa para o desenvolvemento do presente proxecto.

- A distribución temporal deberá contar alomenos con 2 sesións mensuais por cada centro educativo, para poder traballar ben os contidos que se consideren e se fomenta a aprendizaxe significativa do alumnado potenciando a súa participación activa con esa frecuencia.

3º Bloque: Proxecto de Centro como acordo de participación

Os centros que participen no proxecto e sexan destinatarios das sesións de divulgación, deberán comprometerse a desenvolver un proxecto de centro que versará sobre unha temática de interese social relacionada co presente proxecto e que deberán expoñer no acto final que se describe a continuación. A temática poderá ser elixida polo propio centro ou escollida dun listado que deberá ser validado pola entidade adxudicataria.

4º Bloque: Acto final de Clausura do proxecto

Como remate final do proxecto os centros educativos desfrutaran dunha xornada lúdico educativa na que todos eles poderán expoñer os seus proxectos de centro (elaborados durante todo o curso escolar) ademais de manter contacto co alumnado doutros centros e asistir a ponencias de profesionais dos ámbitos de interese (medio ambiente, medio mariño, turismo etc) que estarán tamén presentes.

Este acto terá lugar nunha ubicación do territorio do GALP, a poder ser nunha instalación cuberta, desenvolverase nunha xornada lectiva en horario de mañá.

2) Orzamento: Que virá desglosado por bloques de xeito que o orzamento do bloque dous ademais virá especificado por centro, xa que no caso de non lograr que participen todos os centros do territorio, ratearase polo número de centros participantes.



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO MARÍTIMO
Y DE PESCA (FEMP)

Requisitos:

- Os distintos licitantes acreditarán a súa solvencia técnica de xeito que quede latente a súa capacidade para desenvolver o contrato.
- Acreditarán a súa capacidade para contratar mediante unha declaración responsable e cumprimentando o anexo II que acompaña a estas bases.
- Acreditarán así mesmo que non existe ningún tipo de vinculación coa entidade contratante.

Prazo e forma de presentación:

- As propostas presentaranse no rexistro do GALP Seo Fisterra Ría Muros Noia sito na Rúa Espírito Santo, nº4 da localidade de Noia, ou por correo ordinario, neste caso serán adiantadas por correo electrónico ó enderezo gac4@accioncosteira.es
- O prazo de presentación rematará no prazo de quince días naturais contados a partir do día seguinte da publicación das seguintes bases (**17 DE ABRIL AS 14:00 HORAS**).

Prezo do contrato

- O prezo máximo do contrato será de 32.000,00 € (IVE engadido) e farase efectivo segundo as anualidades de execución do programa educativo

Valoración das ofertas

- 60 puntos á calidade técnica da proposta presentada dos cales 10 puntos asignaranse ao desenvolvemento do acto final do proxecto
- 40 puntos oferta económica.

Muros 28 de marzo de 2018

Daniel Formoso Moledo

Presidente Galp Costa Sostible



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR